

GUÍA DOCENTE DE **GAITA I-VIII**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: GAITA											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.	
ECTS/CUAD.	7'5	7'5	9	9	9	9	10	11	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Práctica instrumental principal encamiñada á formación como músico instrumentista. Coñecemento progresivo de todas as posibilidades do instrumento a nivel técnico, expresivo e de repertorios.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X6, X8, X9, X11
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Perfeccionar as capacidades artísticas, musicais e técnicas, que permitan abordar a interpretación do repertorio máis representativo do instrumento.	Todas
Coñecer as características morfolóxicas e acústicas propias do instrumento, indispensable para a optimización de recursos do mesmo.	Todas
Coñecer o patrimonio musical tradicional da nosa cultura e achegamento ás doutros pobos que teñan gaita como instrumento fundamental. Compoñer coas regras básicas dos ritmos tradicionais como método para coñecelos en profundidade.	Todas
Mostrar independencia progresiva para resolver problemas, xa sexan técnicos ou musicais. Ter métodos de traballo que posibiliten a resolución de pasaxes complexas.	Todas
Repentizar con soltura calquera fragmento adecuado ao nivel.	Todas

**4. CONTIDOS**

1.1 Patrimonio musical: música tradicional (cancioneiros e tradición oral). 1.2 Formas musicais e as súas particularidades na música tradicional. Traballo das obras seleccionadas no cuadrimestre analizando formalmente cada unha e establecendo o fraseo como base da interpretación. 1.3 Traballo de repertorio con ornamentación dada, adecuada a este nivel. 1.4 Práctica da afinación, compensación e tempero sobre repertorio específico, prestando especial atención ó empaste entre ronco e punteiro. 1.5 Adestramento permanente e progresivo da memoria. 1.6 Conciencia dos diferentes usos que tivo a gaita ó longo da súa historia. 1.7 Valoración e conciencia da importancia da gaita e do seu patrimonio musical na cultura galega como aporte á cultura universal. 1.8 Valoración da ornamentación como elemento musical e non como elemento exclusivamente técnico.

2.1 Patrimonio musical: música de autor. 2.2 Formas musicais e as súas particularidades na música de autor. Traballo das obras analizando formalmente cada unha e establecendo o fraseo como base da interpretación. 2.3 Práctica da afinación, compensación e tempero sobre repertorio específico, prestando especial atención ó empaste entre ronco e punteiro. 2.4 Adestramento permanente e progresivo da memoria. 2.5 Valoración da evolución ó longo do século XX e XXI da interpretación da música para gaita. 2.6 Valoración da ornamentación como elemento musical e non como elemento exclusivamente técnico.

3.1 Morfoloxía, funcionamento, e mantemento do instrumento. Materiais e proceso constructivo. 3.2 Métodos de escrita para gaita. Sistema do/re. 3.3 Diferentes tipos de ornamentación: colocación, nomenclatura e representación na partitura. 3.4 Afinación e tempero. 3.5 Iniciación á segunda oitava no instrumento. 3.6 Traballo da ornamentación mediante exercicios específicos a cada unha delas (rebote, adorno, picado dobre, batemento...) 3.7 Práctica da repentización de obras de progresiva dificultade. 3.8 Emprego de diferentes dicitacións en base ás pasaxes a interpretar. Posicións abertas / pechadas para a solución de pasaxes complexas. 3.9 Requinteo. Resolución ós problemas que plantexa o seu uso. 3.10 Adestramento permanente e progresivo da memoria.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina...)	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*